

ORDENANZA FISCAL NÚM. 39

CEMITERIO MUNICIPAL

Artigo 1º.

En virtude da autorización que se contén no **número 17 do artigo 10 do Real decreto 3.250/1.976, do 30 de decembro**, o Excmo. Concello de Vilalba, establece a **ordenanza reguladora das taxas polas concesións administrativas para efectuar enterramentos no cemiterio municipal**.

Artigo 2º.

A obriga de contribuír nace polo feito de outorgar a concesión administrativa que fose dictada.

Serán suxeito pasivo destas taxas, a persoa a cuxo favor se expedise o título de concesión.

Artigo 3º.

Non se establecen exencións, salvo os enterrados na terra, a que fai referencia o artigo seguinte. Igualmente se concederán as reducións que se sinalan no **artigo 4**.

Artigo 4º.

As bases e tarifas das concesións no cemiterio serán as seguintes:

- Urnas de 3 sepulturas con corredor lateral e osario, en profundidade e medida segundo planos.....**2.300€.**
- Urnas de 3 sepulturas sen corredor lateral e osario, en profundidade e medida segundo planos.....**1.500€.**

Pola **ocupación temporal** de sepulturas por período de 5 anos, levarase a cabo despois da solicitude de quen corresponda, e ascenderá á cantidade de **500€** polo período completo.

Artigo 5º.

O pago efectuarase contra a entrega do título da concesión. A retirada deste, das oficinas municipais, efectuarase dentro do prazo de 15 días contados a partir do día seguinte, ao que fose notificado o outorgamento da concesión.

Artigo 6º.

Esta ordenanza, foi aprobada polo Excmo. Concello na sesión do 9/3/1.981, modificada polo Pleno o 17/11/2006, e seguirá en vigor, en tanto non se modifique polo Excmo. Concello Pleno, ou por unha disposición de carácter xeral.